



ACTO DE ENTREGA DO
**VIII PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
DE NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL POLA
IGUALDADE**
a **EVA MEJUTO**
gañadora polo libro **QUECO E KIKA**
SÁBADO 25 DE OUTUBRO DE 2025, 20:00 h.
AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia organizan o acto de entrega do **VIII Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade** á escritora gañadora, **EVA M^a MEJUTO**, polo seu libro "**QUECO E KIKA**", que terá lugar o sábado **25 de outubro de 2025**, ás **20:00** horas, no **AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**.

O referido acto será presentado por **CARMEN HERMIDA** e contará coas intervencións de **MARISA BARREIRO**, presidenta do Iescha; **MARTA ROUCO** alcaldesa de Vilalba; **FRAN ALONSO**, director de Edicións Xerais de Galicia; **MANUEL BRAGADO**, membro do Xurado, e **EVA M^a**

MEJUTO, gañadora do **VIII Premio Agustín Fernández Paz**.

Durante o acto, irán producíndose distintas actuacións relacionadas coa música, co teatro, coa poesía, coa palabra, coa imaxe...

Para elo, contaremos coa participación de:

- ❖ **ASOCIACIÓN CULTURAL ANDRADE**
 - Danza das Burgas
 - Rumbabria
- ❖ **ALUMNADO BIBLIOTECA AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ DO IES BASANTA SILVA**
 - Do que non arde
- ❖ **MINICORO ESMUVI**
 - Homenaxe ás que cantan, ás que cantaron e ás que cantarán
- ❖ **ALUMNADO ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO**
 - Mírame

Para a linguaxe de signos contaremos coa Asociación de Xordos de Lugo (**AXORLU**).

Nalgún momento do acto, darase lectura ao ditame do **Xurado do IX Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade**.

A entrada é de balde, pero haberá que reservala con antelación na páxina web do Concello, directamente na Casa da Cultura ou o mesmo día do acto na billeteira do Auditorio, sempre e cando quedasen asentos libres.